

**Autor:** RODRÍGUEZ JARES, X.  
**Ano:** 2004  
**Título:** *Educación para la paz en tiempos difíciles*  
**Lugar:** Bilbao  
**Editorial:** Bakeaz

A idea directriz que rexe esta obra é a determinación do marco teórico-conceptual e a disposición dos ámbitos de actuación fundamentais na educación para a paz.

Xesús Rodríguez Jares é Cate-drático de Didáctica e Organización Escolar na Universidade da Coruña, coordinador dende 1983 de Educadores/ás pola Paz de Nova Escola Galega, Presidente da Asociación Española de Investigación para a Paz (AIPAZ) e membro de Bakeaz, Organización Non Governamental (ONG), que a partir de 1992 se dedica á investigación. Este grupo está formado por persoas vinculadas á universidade e comprometidos coa educación, o ecopacifismo, os dereitos humanos e o medio. A finalidade desta ONG é crear espazos para a reflexión e a acción cívica con respecto á militarización, políticas de seguridade, produción e comercio de armas, políticas de cooperación, educación para a paz, dereitos humanos, entre outros temas.

Baixo a denominación *Educación para la paz en tiempos difíciles*, preténdese salientar e restablecer a importancia que adquire a educación e a acción

educativa dos profesionais do eido e a comunidade educativa, para acometer a tarefa de educar e intervir en circunstancias sociais, políticas, económicas, culturais, etc. dunha gran complexidade e dificultade. Pero o asunto non é renderse ante as adversidades no desempeño profesional e nas accións conxuntas como comunidade, senón que ha de ser o máis firme e contundente a resposta para que se poida configurar unha “cultura de paz”; é dicir, a paz constrúese, e edúcase dende o berce e ao longo da vida, asentándose na xustiza, a liberdade, a solidariedade, o desenvolvemento e os dereitos universais pero, ademais, configúrase como un estado con amplas dimensións sociais e individuais.

O libro estrutúrase en catro estudos, nos que o autor, dende diversos temas, determina un fío condutor que lle permitirá chegar á conformación dunha resposta educativa diante das mudanzas que acompañan a nosa sociedade, en xeral, e a comunidade educativa, en particular, a favor do fortalecemento da educación para a paz.

O primeiro ensaio «*Los substratos teóricos de la educación para la paz*», ten a función de deseñar o marco

histórico-teórico no que se xustifican cales foron as fontes xeradoras –o movemento da Escola Nova, a creación das Nacións Unidas e da Unesco, a aparición dunha nova disciplina denominada investigación para a paz e o legado da non violencia, cal é a situación da educación para a paz en España–, que análise conceptual facilita a definición e implantación da educación para a paz e cales son as implicacións educativas en canto a organización e xestión, metodoloxía didáctica, contidos e avaliación.

Dende o binomio «*Educación y derechos humanos*», o segundo capítulo céntrase en presentar os principios didácticos e as estratexias organizativas da educación para os dereitos humanos, porque a educación é, dende a perspectiva da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, un proceso continuo e permanente que se liga ao desenvolvemento, á paz, á democracia, á resolución positiva dos conflitos, á non violencia, á igualdade, á solidariedade, á xustiza, á defensa da dignidade humana e á cooperación. A cuestión non é outra que falar da educación para os dereitos humanos a través da creación dun grupo de mutuo apoio e confianza, a democratización das estruturas escolares e o afrontamento non violento dos conflitos.

O terceiro ensaio, «*Educar para la paz después del 11/09/01*», sitúanos na perspectiva das consecuencias do atentado do 11 de setembro nos

Estados Unidos de América que deixou gravadas no ámbito da educación: a morte, a destrución, o medo, a dualidade que identifica e separa os bos dos malos, a perda de dereitos e liberdades e o reforzo da hexemonía dos Estados Unidos. Pero, ¿Que outros atentados aparecen antes e despois do 11 S? Pois son atentados contra os dereitos humanos, de corte económico, social e político, que se presentan nun aumento da débeda externa, a pobreza, o retroceso da axuda ao desenvolvemento, a precariedade laboral e a exclusión social. Esta situación de vivencia dos actos terroristas fai que rexurda a concepción da “educación para o conflito”, “a resolución non violenta das diferenzas”, “a educación intercultural e antirracista” e “a educación para o desenvolvemento”, que fan da resposta educativa para afrontar o despois do 11 de setembro, o crear e darlle prioridade a un decálogo de principios e contidos:

- Reforzar o valor da vida humana e a cultura da non violencia
- Fomentar a busca da verdade e a esperanza da verdade histórica
- Ir ás causas dos problemas
- Promover o valor da xustiza e o rexeitamento da vinganza e da xenreira
- Combater o medo
- Loitar contra a ignorancia e a manipulación informativa
- Insistir no valor da democracia e na necesidade da globalización dos dereitos humanos

- Sensibilizar sobre a reorganización da ONU como garante das relacións internacionais

- Ofrecer alternativas e facilitar o coñecemento das conquistas sociais e

- Educar no valor do compromiso e a esperanza.

O cuarto apartado, «*La educación para la convivencia como proceso de alfabetización en conflictos. Propuestas de formación*», está dedicado á configuración da educación para a paz dende as necesidades de aprender a convivir, eliminar a violencia como forma de resolución de conflitos e facilitar espazos para a convivencia social de carácter local, nacional e internacional. Dentro deste proceso alfabetizador, inclúese a importancia da formación docente (inicial e en servizo) en temas como a paz, a resolución de conflitos, a igualdade, a convivencia; é dicir, elementos formativos en temas de educación e conflito. Na formación inicial, a realidade informa e establece que a resposta maioritaria é a súa inexistencia, mentres que na formación en exercicio, recoñecen recibir formación e manifestan un maior grao de satisfacción. Esta situación implicará a modificación dos seus plans de formación inicial do profesorado e que as administracións educativas xeren plans de formación para os profesionais en servizo. Para dar resposta a esta necesidade alfabetizadora nunha cultura de paz, o autor identifica cales

son os contidos clave a nivel teórico-práctico, cando se ha de planificar e desenvolver un proceso formativo do profesorado para a convivencia e a resolución de conflitos positivamente. O proceso debe basearse na seguinte proposta:

- A comprensión positiva e procesual do conflito

- A especificidade da situación conflitual

- A distinción entre agresividade e violencia

- A importancia da afectividade e do cultivo das relacións interpersoais

- Formar o profesorado sobre a necesidade de planificar o traballo educativo para a convivencia dende os diferentes ámbitos do currículo

- Aceptación da diferenza e compromiso cos máis necesitados

- Afrontar o conflito universalidade-relativismo cultural, e

- O impulso dunha cultura de paz.

O interese profesional e científico do libro recensionado céntrase na utilidade e compromiso, que dende a comunidade socioeducativa (estudantes das titulacións do ámbito da educación, profesionais en servizo, pais e nais preocupados pola educación dos seus fillos, políticos, dirixentes, xestores...), se xera cara á educación e á cultura de paz, e todo nunha época, na que se dan adoito situacións conflictivas e respostas violentas.

As conclusións que se poden tirar de *Educación para la paz en tempos difíciles*, céntranse en resaltar que a educación para a paz é posible dende a creación dun “pacto educativo global” baseado na cultura de paz e non violencia.

Tendo en conta a estrutura do libro, que reúne distintas achegas do autor nas que se respecta o contido e a cronoloxía das publicacións, tentaremos salientar diferentes conclusións seguindo a orde dos capítulos.

Co primeiro ensaio sobre «*Los substratos teóricos de la educación para la paz*» podemos entender cal foi a súa evolución conceptual a nivel internacional e nacional para crear unha perspectiva crítica e reflexiva cara ao desenvolvemento do seu significado social, político, filosófico, didáctico, etc.

No segundo capítulo «*Educación y derechos humanos*», subliña diversas propostas prácticas (crear un grupo de apoio, manter unha organización democrática do centro escolar e afrontar a resolución de conflitos dende unha perspectiva non violenta), que apuntan cara á conveniencia de realizar unha reflexión sobre a práctica educativa e social enmarcada na configuración da educación para os dereitos humanos.

En terceiro lugar, «*Educación para la paz después del 11/09/01*», estamos determinando as consecuencias educativas derivadas de acontecementos trágicos producidos polo aumento da violencia terrorista e o modo de como se deben afrontar dende o eido educativo.

A última parte, «*La educación para la convivencia como proceso de alfabetización en conflictos. Propuestas de formación*», establece que a formación do profesorado en temas relativos á paz, á educación para a convivencia, á resolución de conflitos positivamente, ao fortalecemento da democracia no centro educativo, á importancia do valor do compromiso, entre outras, segue sendo unha “materia pendente”, debido á fragmentación do saber e experiencias das distintas disciplinas, convertidas en compartimentos estancos e nas que se esquece a dimensión multidisciplinar do coñecemento da educación.

En definitiva, é un volume que pola súa temática, resulta de especial interese para profesores e alumnos que queiran reflexionar sobre cuestións actuais arredor dos dereitos do home, dende a perspectiva da educación para a paz e a convivencia.

*M<sup>a</sup> del Carmen Gutiérrez Moar*  
Universidade de Santiago de Compostela